



Información adicional sobre protección de datos das empresas

Enquisas	Enquisa a empresas multilocalizadas Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas Enquisa do marco input-output de Galicia 2021
Responsable	Instituto Galego de Estatística Enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela Contacto: http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=005006
Finalidade	A finalidade destas enquisas é obter información económica das empresas galegas.
Lexitimación	A base xurídica para a súa realización é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, establecida nos artigos 6, 9, 18, 21 e 39.3 da Lei 9/1988 de estatística de Galicia (LEG), que facultan ao IGE a solicitar datos a todas as empresas que teñan a súa sede social ou algún establecemento en Galicia.
Destinatarios	Instituto Galego de Estatística
Conservación	A información recollida mantense de xeito permanente. Os datos identificativos das empresas non forman parte dos ficheiros finais de análise, que son seudonimizados logo de depurar os datos.
Dereitos	De acordo cos artigos 89.2 do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, e 25.3 da Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personales y Garantía de Derechos Digitales, non se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e limitación do tratamento, ao tratárense de ficheiros que serven a fins exclusivamente estatísticos, contan coas garantías do secreto estatístico e estarán amparados pola lexislación estatal ou autonómica sobre a función estatística pública.
Obrigas	A participación nestas enquisas é obrigatoria, de acordo co artigo 18 da LEG e o artigo 15 da Lei do Plan galego de estatística 2022-2026. O incumprimento desta obriga será sancionado de acordo co previsto na LEG, que establece multas de 100 a 500 euros para infraccións leves, de 501 a 2500 euros para infraccións graves e de 2501 a 10.000 euros para infraccións moi graves.